

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 4 de xaneiro de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

Excmo. Sr. Alcalde  
D. David Regades Fernández  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

Na Casa do Concello de Vigo, ás dezaseis horas do día catro de xaneiro de dous mil dezaseis de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2.- PROPOSTA DE DENEGACIÓN DE SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DUN CONTRATO NON FORMALIZADO. EXPTE. 15696/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico con proposta de resolución da xefa do servizo de Contratación, conformado polo Concelleiro delegado de Contratación, de data 4 de xaneiro de 2016, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de

30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.

–Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).

–Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo. (expediente 15696-444).

–Código civil (CC).

#### ANTECEDENTES:

D. Emilio Rousaud Parés, en nome e representación de FACTOR ENERGIA, S.A., mediante escrito de data 30 de decembro de 2015, solicita que se modifique el contrato de subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as instalacións e dependencias do Concello de Vigo ós efectos de acomodalo ao prego de cláusulas administrativas particulares publicado en castelán no perfil do contratante en data 3 de setembro de 2015.

É preciso comezar realizando unha relación fáctica por orde cronolóxico dos antecedentes máis relevantes deste procedemento de licitación:

Primeiro.- En data 10 de agosto de 2015, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar os pregos de Prescripcions Técnicas (PPT) e de Condicións Administrativas Particulares (PCAP) para a Contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión, para as distintas dependencias e instalacións electromecánicas do Concello de Vigo, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista.

O procedemento foi anunciado no perfil do contratante en data 7 de agosto e publicáronse anuncios nos seguintes diarios oficiais:

- No Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) en data 13 de agosto de 2015.
- No Diario Oficial de Galicia (DOG) en data 17 de agosto de 2015.
- No Boletín Oficial do Estado (BOE) en data 20 de agosto de 2015.

Segundo.- En data 13 de agosto de 2015, a Xunta de Goberno Local aprobou unha corrección de erros do PCAP, consistente en “Rectificar o apartado f) do punto 3 do do Anexo I “FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC)” do prego de cláusulas administrativas Particulares (PCAP) para a Contratación do subministro de enerxía eléctrica en media e baixa tensión, para as distintas dependencias e instalacións electromecánicas do Concello de Vigo, no apartado que escomenza por Taboa 2..... deberá eliminarse o parágrafo que di “A tarifas de peaxe e acceso regulamentariamente establecidas, así como as súas modificacións si se produciran”.

Como consecuencia desta corrección de erros modificouse o prazo previsto inicialmente para a presentación de ofertas, comezándose de novo o cómputo dende a publicación do anuncio relativo á corrección de erros no DOUE.

Terceiro.- A corrección de erros publicouse no perfil do contratante en data 25 de agosto de 2015, e anunciouse nos seguintes diarios oficiais:

- No Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) en data 29 de agosto de 2015.
- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) en data 7 de outubro de 2015.
- No Diario Oficial de Galicia (DOG) en data 8 de outubro de 2015.
- No Boletín Oficial do Estado (BOE) en data 15 de outubro de 2015.

Cuarto.- En data 20 de novembro de 2015, a Xunta de Goberno Local acordou:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo. (expediente 15696-444)” no seguinte orde decrecente:*

	<i>Puntuación Máxima</i>	<i>Baixa única</i>	<i>Puntos totais</i>
<i>FACTOR ENERGÍA , S.A.</i>	<i>100,00 puntos</i>	<i>12,50%</i>	<i>100</i>
<i>GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.</i>	<i>100,00 puntos</i>	<i>8,80%</i>	<i>88,58</i>
<i>IBERDOLA CLIENTES, S.A.U.</i>	<i>100,00 puntos</i>	<i>7,46%</i>	<i>84,44</i>
<i>ENDESA ENERGIA, S.A.U.</i>	<i>100,00 puntos</i>	<i>1,79%</i>	<i>23,79</i>

*Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, FACTOR ENERGÍA , S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.469,42 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

Quinto.- En data 11 de decembro de 2015, a Xunta de Goberno Local acordou:

*“Adxudicar a FACTOR ENERGÍA, S.A., o procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo. (expediente 15696-444), por un prezo de 4.200.008,95 euros, e unha baixa única do 12,5% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados na taboa 2 do apartado 3.F dos pregos.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

Este acordo foille notificado ó adxudicatario e os demais licitadores na mesma data, 11 de decembro de 2015. Sinalouse como data para a formalización do contrato o día 31 de decembro de 2015, e como data de inicio do contrato o 1 de xaneiro de 2016.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación so poderá modificar os contratos cando así se previu nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

No entanto, no caso que nos ocupa se ben o licitador solicita a modificación do contrato, en realidade este non está formalizado polo que aínda non perfeccionouse, circunstancia pola que non cabería unha modificación do contrato. Efectivamente, segundo o artigo 27. 1 do TRLCSP “Os contratos que celebren os poderes adxudicadores perfecciónanse coa formalización”. E non poderá comezar a execución do contrato sen a previa formalización do mesmo (artigo 156.5 TRLCSP).

En realidade o licitador ó que propón é que o documento administrativo de formalización do contrato se axuste á tradución do PCAP que figuraba no perfil do contratante en castelán á solicitude do propio licitador, formulada en data anterior á corrección de erros. O artigo 156.1 do TRLCSP é claro ó establecer que “Os contratos que celebren as Administracións Públicas deberán formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación”. A confusión do licitador prodúcese porque os pregos colgados no perfil do contratante non incluían a corrección de erros, nin a versión en galego, nin a versión en castelán. No entanto, no propio perfil estaba colgada unha certificación do acordo de corrección de erros, e como se desprende dos antecedentes, este acordo foi obxecto de publicación no perfil e en catro diarios oficiais: DOUE, BOE, BOP e DOG. E como consecuencia desta corrección comezou de novo o cómputo do prazo de presentación de ofertas. En consecuencia, o licitador tivo medios para coñecer a existencia da corrección de erros. E un licitador medianamente dilixente, presúmese que se informe das vicisitudes acaecidas nunha licitación na que está interesado. E, tal e como establece o artigo 6 do CC, a ignorancia das leis non é escusa do seu cumprimento. E non esquezamos que os pregos son a lei do contrato.

Podemos concluír, á vista do exposto que non procede modificar o documento de formalización do contrato, o cal debe axustarse ós pregos que rexen a presente licitación.

Segundo.- Dado que, como se expuxo no fundamento xurídico anterior, non procede acceder o solicitado, pois iso vulneraría os principios de transparencia e libre concorrència establecidos nos artigos 1 e 139 do TRLCSP, deberá formalizarse o contrato.

Respecto do prazo de formalización do contrato, segundo o artigo 156. 2 se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 40.1, como no caso que nos ocupa, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adjudicación aos licitadores e candidatos. Este prazo de interposición do recurso especial finalizou o día 30 de decembro de 2015.

Finalizado o prazo de recurso, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato en prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxo recurso que leve apareada a suspensión da formalización do contrato. Dado que se tiña sinalado como data de formalización do contrato o día 31 de decembro de 2015, á data de presentación do recurso restaba un día para a formalización do contrato. En consecuencia, procede conceder o licitador este prazo para que proceda á súa formalización. En caso contrario, entenderase que renuncia á mesma e deberá requirirse o seguinte licitador clasificado neste procedemento á presentación da documentación prevista no artigo 146 do TRLCSP.

É preciso, así mesmo, recordar ó adxudicatario que en caso de non formalización do contrato dentro do prazo indicado por causas imputables ó mesmo, a Administración poderá acordar a incautación da garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso esixise (artigo 156.4 TRCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Desestimar a solicitude de modificación do contrato de subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as instalacións e dependencias do Concello de Vigo, formulada por D. Emilio Rousaud Parés, en nome e representación de FACTOR ENERGIA, S.A., mediante escrito de data 30 de decembro de 2015.*

*2º.- Requirit a FACTOR ENERGIA, S.A., que proceda a formalización do contrato no prazo dun día a contar dende o seguinte á notificación do presente acordo, advertíndolle de que en caso contrario, entenderase que renuncia a formalización do mesmo.*

*3º.- De non formalizarse o contrato na data prevista, o servizo de contratación deberá requirir a documentación prevista no artigo 146 do TRLCSP ó seguinte licitador clasificado no procedemento de referencia.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.